




FERVENZA DA ÍNSUA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta no concello de Val do Dubra (parroquia de San Román) para coñecer unha ferverza do lugar da Ínsua, coñecida tamén cos nomes de **Picho do Castrón** ou **O Rexedoiro**

No río Portonabo ou do Porto, afluente do Dubra que á súa vez vai ao Ulla. É un salto en dous tramos de aproximadamente 10 m de altura en xistos. No fondo do val consérvase ben o bosque de ribeira e máis arriba está rodeada dunha plantación de eucaliptos. Río abaixo hai un pequeno salto cunha poza.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Santiago a Carballo despois de pasar Portomouro cóllese un cruce que indica Ínsua. Pasadas as últimas casas cóllese un camiño á esquerda que, entre prados, lévanos ao río e remontando este ao pé da ferverza.

